



# José Tejada Fernández



*“Hoxe o espazo xeográfico é o mundo e hai que convencerse de que imos cara á mobilidade”*

A actividade docente e investigadora deste profesor da Universitat Autònoma de Barcelona céntrase na avaliación, a innovación e a formación de formadores. Na actualidade coordina o grupo de investigación CIFO (Colectivo de Investigación en Formación Ocupacional), que trata de aproximar a formación dos traballadores aos retos que formula o actual sistema produtivo.



Texto\_ **Gena Borrajo**

Fotografía\_ **Fernando Bellas**

### **Cales son eses retos?**

Digamos que o gran desafío é conseguir que os traballadores estean en condicións de actualizar as súas competencias de xeito permanente. Antes dedicabamos un período da vida a formarnos e o resto a traballar. Pero as cousas mudaron. Agora, se nos queremos manter no mercado de traballo, temos que aprender durante toda a vida, adaptando os nosos coñecementos ás novas situacións, que, por outro lado, hoxe se suceden a un ritmo moi acelerado.

### **Debemos prepararnos mesmo para o cambio de tarefa?**

Xaora. A formación non pode estar centrada, exclusivamente, no posto de traballo, senón que hai que orientala cara á empregabilidade. É dicir, necesitamos poñer a énfase, non só na cualificación profesional do traballador, senón tamén no seu desenvolvemento persoal e na dimensión participativa. Dito doutro modo, agora é preciso potenciar o escenario sociolaboral.

### **A competitividade é algo que preocupa moito os empresarios. Que papel xogan nisto os traballadores?**

Os recursos humanos son fundamentais e, se as competencias ás que fixemos referencia están conforme aos obxectivos das empresas, será posible ser máis competitivos.

### **Pero non cre que para lograr un bo nivel de competitividade, tamén a empresa debería modificar a súa relación cos empregados?**

Por suposto. Os traballadores non poden ser simples asalariados, porque o capital humano adquire unha especial relevancia no actual mercado de traballo. As empresas

teñen que asumir, de verdade, que os traballadores son os seus efectivos máis valiosos e deben inverter parte dos seus esforzos no desenvolvemento e actualización das súas competencias profesionais, facelos partícipes dos obxectivos institucionais e conseguir que se sintan integrados e identificados con eles.

### **Precisamente vostede coordina un grupo que ten que ver con isto...**

Si. Trátase do grupo CIFO (Colectivo de Investigación en Formación Ocupacional). Constituímolo un grupo de profesores universitarios, aínda que contamos con colaboradores doutros ámbitos, e está recoñecido pola propia universidade e pola Generalitat de Catalunya. CIFO nace a finais dos oitenta e, como se recolle no enunciado do seu nome, as súas liñas de actuación teñen que ver co traballo. Precisamente unha das nosas actuacións estrela é a formación de formadores. Dende a nosa creación estudamos saídas profesionais e posibilidades ao longo do tempo. Mesmo nestes momentos temos moi consolidado o noso Mestrado de Formación de Formadores, xa con formato europeo.

### **Imaxino que cos cambios tan rápidos que se viven hoxe, han de variar decote o seu punto de vista**

Así é. De feito, somos moi sensibles aos novos depósitos que van xurdindo, non só de emprego, senón tamén de formación. Temos unha liña aberta cara á formación continua, fundamentalmente a ocupacional. Pero non debe ser exclusiva, senón que hai que ser conscientes e consecuentes coa formación ao longo da vida. Agora mesmo estamos investigando as necesidades da xente maior. Hai outro tema que a min me apaixona, aínda que non o teñamos ben resolto. Refírome á transición traballo ocio, en clave de formación continua.

### **Dalgún xeito o concepto de formación ao longo da vida obrigou a transformar o propio sistema de ensino...**




Efectivamente. Hoxe faise imprescindible preparar os alumnos para o cambio. Non cabe dúbida de que hai que dotalos de estratexias de saber facer, propias do perfil no que se están formando, pero ademais deben adquirir competencias que teñen que ver con saber ser e saber estar.

### **Estase a formalos xa neste tipo de habilidades?**

Coido que aínda queda moito camiño que andar. Apúntase nesta dirección dende hai un tempo, pero custa moito desfacer as vellas inercias do pasado, tan ancoradas en sistemas reprodutivos, de transmisión do co-

*Hai que poñer a énfase na cualificación profesional, no desenvolvemento persoal e na dimensión participativa*







ñecemento e de desenvolvemento memorístico. Aínda así, hai que recoñecer que a formación profesional conta con vantaxe, sobre todo con respecto á universidade. E refírome incluso ás competencias do propio profesorado para responder ás necesidades persoais e sociais que lles formulan os alumnos.

**Pero o profesorado tamén se queixa de que, algunhas veces, as circunstancias minguan a súa capacidade á hora de formar os rapaces e rapazas...**

É certo que ás dificultades ás que se ten que enfrontar o profesorado para adaptarse ás novas realidades se engaden outras, sobre todo en secundaria. Entre elas están as realidades sociais e familiares, que non sempre ven a formación profesional como a mellor das opcións. Non esquezamos que cando falamos de valores adoita haber discrepancias, o que, ás veces, dificulta a tarefa. É dicir, non se trata só de traballar cun determinado currículo, senón que hai que facer fronte a problemas asociados ao seu mesmo desenvolvemento. Isto inclúe tamén o contorno, o centro, os recursos, os profesores, os alumnos e a propia política educativa.



*Integrar as TIC na aula significa cambiar o modelo de ensino*

**A innovación tecnolóxica modificou as estruturas ocupacionais e o perfil de moitos postos de traballo. Cre que o ámbito da formación marcha ao mesmo ritmo?**

Coido que non. En calquera caso, as tecnoloxías da información e a comunicación fórmulanlles máis problemas aos profesores que aos alumnos, que están máis alfabetizados para asumir os retos da nova sociedade. O que está claro é que estes recursos son unha importante axuda para modificar as maneiras de desenvolver o currículo. Polo tanto, creo que o profesorado debe dar este salto. Iso si, non se trata de introducir as TIC na aula, sen máis, senón de integralas, o que significa transformar o modelo de ensino. Cando isto acontece o rol do profesor cambia e pasa a ser máis titor, máis facilitador e mediador. O profesor non desaparece coa presenza das TIC, o único que muda son algúns dos seus roles e funcións.

**Que opina da formación dos estudantes nas empresas?**

Non só me parece ben, senón que o considero imprescindible. A mesma lóxica do desenvolvemento por competencias obriga a incluír o ámbito real de traballo no proceso de formación do alumnado, sinxelamente porque non podemos reproducilo na escola. Dende hai tempo, os que defendiamos o sistema dual alemán, é dicir, a formación en alternancia co traballo, comprendemos que debía ser así, porque as competencias unicamente se adquiren no eido profesional. Iso significa que cómpre intensificar as relacións do centro de formación co centro de traballo, e coordinar os papeis profesionais do titor nun lado e no outro. Hoxe sería impensable formar a xente sen facer prácticas de empresa. Mesmo eu reclamaria máis empresa.

**Polo tanto nada teñen que ver as prácticas actuais coas que se facían antes nos talleres das escolas...**

Nos talleres e con maquinaria obsoleta. Así pasaba que entre a formación recibida polos alumnos e a realidade das empresas había unha distancia insalvable.

**Mesmo hoxe se buscan escenarios noutros países...**

Esta é a consecuencia máis directa da globalización na que vivimos. A circulación dos rapaces polo espazo internacional cambia os modos de vida, non só no eido profesional, senón tamén no persoal. Nós, cos Erasmus vivímolo moi de preto na universidade. De feito, eu teño un fillo casado en México. A nós aínda nos custa, pero para os mozos o espazo xeográfico é o mundo e hai que convencerse de que imos cara á mobilidade. Os maiores buscamos o espazo europeo para o traballo e crémolo importante para a formación, pero non nos gusta movernos. En cambio, os rapaces teñen moi asumido que as ofertas non veñen á casa e que, nalgún momento, han ir formarse e buscalas fóra.

**A mobilidade na formación require unha boa coordinación entre os países que envían e os que reciben alumnos. Estase producindo tal coordinación?**

Para iso temos, polo menos como referencia, o Marco Europeo de Cualificacións que xa contempla a mobilidade, e dá igual se teño que estar catro meses aquí e catro acolá. É dicir, se o marco é único para o traballo, tamén debe selo para a formación. A isto hai que engadir os efectos tan beneficiosos que teñen estas experiencias no desenvolvemento persoal do alumnado, que ademais de entrar

*Canta máis iniciativa posúan os individuos, máis capacidade terán para vencer os momentos de dificultades no emprego*






en contacto con diversas tecnoloxías, se enriquece con outras linguas e culturas. Por sorte, e en contraposición a nós, os rapaces e rapazas de hoxe teñen unhas enormes oportunidades para manexarse cos idiomas.

**Falemos dos discapacitados e as súas dificultades para atopar un emprego. Como ve isto?**

Precisamente nestes momentos no grupo que coordinamos, traballamos no estudo das competencias básicas deste colectivo. Cremos que os problemas que afectan a estas persoas, non deben ser un impedimento para a evolución da súa vida profesional. Así que, hai que seguir impulsando todas as iniciativas sobre integración, non só laboral, senón tamén sociolaboral, para que estes rapaces e rapazas atopen acomodo na sociedade e dean sentido ás súas vidas, permitíndolles o desenvolvemento das súas competencias de acordo co seu potencial.

**Logo non cre que sexa suficiente a simple aplicación da actual taxa de emprego que lles corresponde por lei...**

En absoluto. A formación destes alumnos e alumnas contribúe moito máis á súa inclusión que as medidas impostas por lei. Nós estamos moi conectados cos talleres de emprego e observamos que están a facer un labor extraordinario con resultados moi positivos. Por iso considero que a este colectivo se lle debe prestar unha atención preferente. Debemos eliminar os prexuízos que nos leven a pensar que un rapaz con dificultades non pode aprender. Todos poden desenvolver habilidades que lles axuden a vivir mellor e, en moitos



casos, a defender un traballo. Se apuntamos nesta dirección conseguiremos que se sintan útiles e presten un bo servizo á comunidade. De feito, hoxe podemos ver rapaces e rapazas con algún tipo de minusvalía traballando en diferentes postos con moi bos resultados.

### **Cre que a situación actual de crise lle reclama algunha actuación concreta á formación profesional?**

A formación non provoca a crise, non obstante paga as súas consecuencias e é evidente que os problemas actuais acabarán afectándolle. Eu coido que a nova situación nos obriga a estar máis atentos a temas de flexibilidade e polivalencia para ter máis capacidade de resposta ante situacións cambiantes. Canta máis iniciativa posúan os individuos, os cidadáns e os traballadores, máis capacidade terán para superar os momentos de dificultades no emprego. Pola contra, canto maior sexa a dependencia, máis problemas haberá para saír adiante, e situacións deste tipo esixen que as respostas se dean en todas as direccións.

### **Estamos no camiño de reducir as distancias que adoitan existir entre a realidade social e a educación?**

Os resultados dun programa nunca se ven a curto prazo, pero si podemos actuar para inverter esa tendencia. O que está claro é que hoxe, máis que nunca, os alumnos necesitan aprender a aprender e desenvolver o seu potencial creativo, porque iso, xunto coas competencias asociadas a calquera das modalidades de estudo, é o que lles vai abrir as portas do éxito. É evidente que iso leva consigo un modelo de ensino que pon en valor o traballo en grupo e cooperativo, que promove a colabora-



*Hai que superar o traballo individual, porque pegado á aula e á materia dificilmente se consegue saír adiante*

ción entre os profesores. Hoxe xa non se cuestiona que hai que superar o traballo individual, porque pegado á aula e á materia dificilmente se consegue saír adiante.

### **Antes custaba moito atraer os alumnos cara á formación profesional. Como percibe agora o panorama?**

É verdade que durante un tempo a formación profesional se vía como a irmá pobre do sistema. Non obstante, os últimos cambios conseguiron sacala desa situación e deixou de ser un reduto de acollida de alumnado fracasado para converterse nunha opción moi apetecible. Nos últimos anos déuselle a volta á tendencia nas matriculacións ata chegar a igualar, mesmo a superar en moitos casos, a propia universidade. Hai indicadores que evidencian esta nova realidade, coma o feito de que titulados universitarios recentes vaian á formación profesional para mellorar as súas expectativas de emprego. De feito, hoxe temos ciclos moi competitivos.

### **Como cales...**

Os de Hostalaría, son un exemplo claro. Tamén a dependencia está xerando novos perfís profesionais.

### **Hoxe a universidade está en pleno proceso de reforma, existe algún movemento neste sentido para a FP?**

Creo que a universidade e outras institucións de estudos superiores teñen que asumir a formación de profesionais dende a lóxica da formación profesional superior. Temos que desenvolver as cualificacións neste nivel de educación. Sexa como sexa, o que está claro é que xa temos aprobado o Sistema Nacional de Cualificacións, que é un referente para calquera tipo de formación. Ao mesmo tempo estase a construír o Marco Europeo das Cualificacións no que van converxer todos os sistemas e búscase establecer pontes neste proceso para que a mobilidade, a homologación e a transferencia sexan realidades concretas e non meros obxectivos. É obvio que non podemos facer todos o mesmo, pero si establecer lazos de conexión.

### **Que vantaxes ten estar neste marco europeo?**

Coido que a principal é o feito de ter un referente común ou unha moeda de cambio co mesmo valor para todos. Se falamos de Europa como un espazo único de traballo, tamén podemos falar de espazo único de formación e cualificación. E non é só polo valor da formación para toda a xeografía, senón porque evitamos toda sorte de exclusións. Iso con independencia dos beneficios para a mobilidade, o exercicio profesional, a correspondencia, a remuneración, etc.

**Non cre que agora habería que traballar un pouco máis a orientación vocacional para axudar os nosos mozos a elixir o mellor posible?**

A función orientadora é un dos retos máis significativos da nosa propia Lei das cualificacións e da formación profesional. De feito, ten unha epígrafe enteira sobre a información e a orientación profesional. Así é que na propia cualificación dos formadores se fai unha especial énfase nas competencias asociadas a esta. Os procesos formativos necesitan ir acompañados de información e orientación profesional para que os mesmos teñan sentido, sobre todo, dende formulacións de saídas profesionais e o valor da formación para o emprego.



**Perfil biográfico**

José Tejada Fernández, licenciado en Psicoloxía e en Pedagogía e doutor en Ciencias da Educación, é catedrático de Didáctica e Organización Escolar no Departamento de Pedagogía Aplicada da Universitat Autònoma de Barcelona.

Na actualidade, como coordinador do Colectivo de Investigación en Formación Ocupacional (CIFO), leva a cabo dous proxectos europeos. Un deles está relacionado coa certificación e recoñecemento de toda a experiencia acumulada polos traballadores, e outro refírese ás competencias psicopedagógicas que deben posuír os formadores, cualificación que en pouco tempo será obrigatoria.

As TIC son para el outro centro de atención. Co seu grupo móvese por campos virtuais para investigar sobre novas metodoloxías, ferramentas e materiais como soportes da propia formación.

**Bibliografía**

*Formación de Formadores. Escenario Institucional.* Tomo II (Coord.) (2007) Madrid, Thomson.

*Formación de Formadores. Escenario Aula.* Tomo I (Coord.) (2006) Madrid, Thomson.

*Didáctica-Currículum: Diseño, desarrollo y evaluación curricular* (2005) Barcelona, Ed. Davinci Continental.

*El formador de Formación Profesional y Ocupacional* (en colaboración con FERRÁNDEZ, A., JURADO, P., NAVIO, A. e RUIZ, C.) (2000) Barcelona, Octaedro.

*Cómo innovar en los centros educativos. Estudio de casos* (en colaboración con DE LA TORRE, S., JIMÉNEZ, B., CARNICERO, P., BORRELL, N. e MEDINA, J. L.) (1998) Madrid, Ed. Escuela Española.

*Los agentes de la innovación en los Centros Educativos (Profesores, directivos y asesores)* (1998) Málaga, Aljibe.

*El docent i l'acció mediadora* (1997) Barcelona, EDUOC (Edicions da Universitat Oberta de Catalunya).

*Grupo y educación: Técnicas de trabajo y evaluación* (1997) Barcelona, Editorial Llibreria Universitaria de Barcelona.

